

2.7 EIXE 5: ADMINISTRACIÓN AUSTERA, EFICIENTE E PRÓXIMA AO CIDADÁN

O eixe quinto “Unha Administración auster, moderna e eficaz”, incorpora actuacións e medidas desde o punto de vista das funcións da Administración autonómica como provedora esencial de servizos de interese xeral e coa función de liderado e ordenación, e a obriga dunha Administración máis achegada ao cidadán, máis eficiente e accesible, isto é, conectada, que se dote e aproveite as novas tecnoloxías, ofrecendo máis prestacións, pero menos custosa. Como axente económico de gran presenza cuantitativa no conxunto do sistema, e de importancia cualitativa no deseño e construción dun novo modelo de crecemento, a cargo da Administración pesa unha das condicións esenciais para unha economía máis competitiva, na esixencia, por unha banda, dunha modernización da Administración, no camiño da eficacia no emprego dos recursos e da eficiencia dos resultados sobre o tecido económico no

seu conxunto, é, doutra parte, como garante dun marco normativo, orientativo e de acompañamento de que a economía se desenvolva baixo condicións de libre competencia, seguridade civil e xurídica, e respecto e madurez institucional.

Trátase no conxunto do eixe de impulsar reformas administrativas que eliminen trabas á iniciativa emprendedora, e que lle dean prioridade á austeridade e racionalidade do gasto administrativo e garantan os principios do mérito e capacidade no acceso á función pública.


Merece destacarse, con énfase especial, a orientación que se lles confire no plan estratéxico, a novas formas de gobernanza que contribúan a un modelo no que o entendemento, partenariado e corresponsabilidade entre os distintos intervenientes sexan administracións públicas, axentes so-

cioeconómicos, organizacións ou empresas e cidadáns sexa a norma habitual.

A cada paso máis, unha gobernanza económica máis forte será necesaria para obter

bos resultados. A Galicia do 2020 e a Galicia de todo o século basearase na colaboración e no establecemento de decisións e plans de actuación compartidos.

NOVA XESTIÓN PÚBLICA



2.7.1. OE 5.1. Acadar unha Administración moderna e próxima, optimizando os recursos materiais e humanos mediante a implementación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizando o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación

A importancia da Administración nun modelo moderno de desenvolvemento provén tanto da súa capacidade para prestar servizos básicos en termos de eficacia como do papel orientador das actividades dos sectores e axentes privados.

Neste último eixe compréndense conxuntos de medidas directamente relacionadas coa prestación de servizos necesarios para unha sociedade moderna e solidaria, tendo moi presente a necesidade de manter os rigores orzamentarios e o coidado no control dos gastos.

O fomento das TIC no seo da Administración ten un triplo efecto nese sentido, xa que permite a provisión de servizos de calidade a un menor custo, contribúe á extensión das novas tecnoloxías da comunicación e información na sociedade en xeral, e, dada a importancia da propia Administración no seu dobre papel como demandante de provedor de servizos, é un axente crucial á hora de conformar un potente sector galego da información.

DEFENSA DA COMPETENCIA

A independencia e capacidade dos órganos que vixían e perseguen e sancionan as

prácticas restritivas da competencia é unha condición necesaria para o funcionamento dos mercados nos que se garanten a libre concorrencia e competencia é un factor de gran relevancia para un funcionamento eficaz destes e os conseguintes beneficios para os consumidores e a competitividade das empresas, que teñen acceso aos produtos e insumos nas mellores condicións de prezo e calidade.

Cómpre reformar a lei que regula os órganos de defensa da competencia na comunidade autónoma, estruturando o actual esquema do Servizo Galego da Competencia, dependente da Administración, e o Tribunal, independente, nun órgano independente e único.

Este órgano terá competencias en funcións de investigación e vixilancia dos mercados, e de instrución, resolución e sanción de expedientes e terá garantida a súa independencia orgánica e funcional.

Unha política activa de defensa da competencia non se limita a controlar as prácticas restritivas ou condutas monopolistas ou oligopolistas nos mercados, senón que debe fomentar no tecido empresarial e na cidadanía unha cultura de defensa da libre competencia.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan de austeridade e medidas urxentes ➤ Plan de aforro e eficiencia nas Administracións Públicas ➤ Plan de racionalización dos Organismos Dependentes ➤ Plan galego de estatística 2007–2011 ➤ Plan de Modernización da Administración pública 2010–2013 ➤ Plan Director de Seguridade de Información 2010–2014 	<p><i>121A</i> (S. X. Consol. PAP, D. X. Relac. Instit., Deleg. Terr.)</p> <p><i>122A</i> (S. X. Modern. e Innov. Tec., D. X. Avaliac.)</p> <p><i>122B</i> (EGAP)</p> <p><i>123A</i> (S. X. Consell. PAP)</p> <p><i>124A</i> (D. X. Función Pública)</p> <p><i>571A</i> (D. X. Xustiza)</p> <p><i>581A</i> (Inst. Galego de Seguridade e Saúde Lab., IGE)</p> <p><i>611A</i> (S. X. e do Patrimonio)</p> <p><i>611B</i> (S. X. e do Patrimonio)</p> <p><i>612A</i> (S. X. e do Patrimonio; DXPF; D. X. Orzam.)</p> <p><i>613A</i> (Trib. Galego Defensa Competencia)</p> <p><i>613B</i> (IGC)</p> <p><i>621A</i> (S. X. e do Patrim.; Interv. Xeral CCAA; D. X. Tributos, D. X. PF e Tesouro)</p> <p><i>621B</i> (Cons. Facenda)</p> <p><i>733A</i> (D- X- Ind. Enerx. e Minas)</p> <p><i>911A</i> (Cons. Facenda)</p>

PLAN DE AUSTRIDADE E MEDIDAS URXENTES

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este Plan recolle unha serie de actuacións en materia das TIC que permitirán mellorar e modernizar a Administración.

Estas actuacións estrutúranse nos seguintes ámbitos:

- Modernización das canles de interacción coa Administración (Licitación electrónica, e-factura...)
- Sistema de xestión de persoal.
- Adecuación dos sistemas de información (desenvolvemento de sistemas de análise complexos–Datawarehouse e dun Sistema de Xestión de Inventario de Patrimonio).
- Adecuación á LOPD.

- › Mellora dos servizos e medios tecnolóxicos (modernizar a infraestrutura tecnolóxica dos usuarios, racionalizar e facer máis eficiente a atención aos empregados públicos...).
- › Medidas de austeridade (optimización do gasto en comunicacións e adopción de políticas e directrices TIC aforro).

PLAN DE AFORRO E EFICIENCIA NAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS

ÓRGANO XESTOR:

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Este Plan persegue acadar un aforro de ata un 40% a factura enerxética nos edificios públicos da Xunta, xa sexan instalacións hospitalarias, sanitarias, educativas ou edificios administrativos.

PLAN DE RACIONALIZACIÓN DOS ORGANISMOS DEPENDENTES

ÓRGANO XESTOR:

Dirección Xeral de Avaliación e Reforma Administrativa.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

Os obxectivos deste Plan son evitar as duplicidades que se detecten, gañar en eficacia e en transparencia, adelgazar a Administración paralela e que non sexan organismos autónomos os que presten servizos e actividades que poden prestar de igual ou mellor xeito as consellerías de que dependen, e a un menor custe.

PLAN GALEGO DE ESTADÍSTICA 2007-2011

ÓRGANO XESTOR:

Instituto Galego de Estatística.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan galego de estatística, a través dun sistema de planificación por obxectivos, pretende a creación, organización e difusión do coñecemento estatístico acorde ás necesidades das institucións públicas, os axentes económicos e sociais e os cidadáns en xeral.

Para a consecución deste fin, establécense 3 tipos de obxectivos:

- › Informativos, que se concretan a través de metas estatísticas que lles pretenden dar resposta ás necesidades do conxunto da sociedade galega desta información. Con elas búscase dotar de flexibilidade o plan, para adaptarse a unha realidade tan cambiante como a actual, así como para ofrecer solucións adecuadas aos escenarios que poidan xurdir da reflexión que se está a producir sobre o sistema estatístico no conxunto do Estado e sobre a súa articulación co europeo.
- › Organizativos, que contribúen á estruturación e desenvolvemento da organización estatística de Galicia, potenciando a coordinación e colaboración institucional coas entidades públicas territoriais e non territoriais galegas, estatais, europeas e internacionais relacionadas coa estatística.

- › E instrumentais, que procurarán asegurar a calidade e conexión do sistema estatístico cos usuarios.

Así mesmo, debe prover información para que os cidadáns poidan exercer os seus dereitos, orientar a creación de riqueza e benestar, potenciar a creación de coñecemento e favorecer a toma de decisións.

PLAN DE MODERNIZACIÓN DA ADMINISTRACIÓN PÚBLICA 2010-2013

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de Modernización baséase na posta en marcha dunha serie de proxectos destinados a potenciar o desenvolvemento dos servizos de administración electrónica na propia Xunta e a mellora e modernización dos servizos que ofrece esta de cara o cidadán. Para iso, apóstase polo espallamento do uso das TIC na actuación administrativa e a participación e información en tempo real do cidadán.

A motivación ulterior do plan está en:

- › Acadar a desenvolvemento da e-Administración á que teñen dereito os cidadáns e achegar os servizos da Xunta de Galicia aos seus usuarios.
- › Ofertar novos servizos aos cidadáns que se relacionan coa Administración Autonómica e canalizalos a unha relación electrónica ou telemática.

- › Prestar unha atención personalizada, servindo como unha Administración para todos, no que respecta a un punto único de contacto.

O Plan permitirá tramitar telematicamente e de xeito integral os procedementos administrativos, eliminar a petición de documentación cando esta xa conste na Administración e facer que a web da Xunta sexa a canle principal de relación entre empresas e cidadáns coa Administración.

Mellorarase a atención cun sistema único de atención ao cidadán, haberá un único rexistro telemático para todos os expedientes que se presenten na Xunta e porase en marcha un arquivo documental dixital.

Compromisos do Plan de Modernización:

No ano 2010 o Plan prevé que todos os empregados públicos estean acreditados dixitalmente, ter eliminado a petición de documentación básica que xa consta na Administración, ter definido un novo modelo de rexistro e un novo sistema de información ao cidadán.

No 2011 a totalidade dos procedementos administrativos poderanse tramitar de xeito telemático coa conseguinte diminución de custos”.

O compromiso para o ano 2012 é tramitar todas as subvencións da Xunta a través deste sistema telemático.

PLAN DIRECTOR DE SEGURIDADE DE INFORMACIÓN 2010-2014

ÓRGANO XESTOR:

Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan Director de Seguridade de Información, que se implantará de xeito progresivo ata o ano 2014, mellorará a seguridade dos sistemas de información da Xunta de Galicia, neste sentido o Plan Director é de aplicación ao conxunto das consellerías, organismos autónomos, sociedades e fundacións do sector público autonómico.

A través de 10 liñas de actuación establécense os sistemas de protección para reducir a probabilidade de incidencias e minimizar o seu impacto.

Implantarase un sistema de identificación dixital do empregado público e un sistema de xestión de acceso á rede para determinar o estado de seguridade do equipamento informático.

Con respecto á protección de datos de carácter persoal, búscase asegurar o máximo respecto das garantías e dereitos dos cidadáns nas súas relacións coas administracións.

Outra das liñas do Plan é a avaliación e control dos riscos dos activos (información, datos, documentación, servizos, aplicacións, equipamento, comunicacións, recursos administrativos, físicos e humanos) que permiten a súa minimización ata niveis acep-

tables. Con esta finalidade despregaranse medidas de seguridade adecuadas, eficaces e proporcionadas, nun proceso de mellora continua que leve a organización a ser máis preventiva que reactiva fronte ás incidencias de seguridade.

A xestión da seguridade é un proceso transversal á organización, e o persoal de soporte técnico das distintas consellerías e organismos velará para que os procesos e actividades TIC cumpran e se adecuen ás medidas de seguridade que se van establecer.

Para concienciar e implicar na xestión da seguridade toda a dirección e persoal que presta servizos á Administración autonómica porase en marcha accións formativas, campañas de difusión e sensibilización sobre protección de datos, políticas de uso seguro do posto de traballo e outras cuestións relacionadas.

As dúas últimas liñas de actuación consisten na elaboración dunha orde para o desenvolvemento do Decreto de boas prácticas e na creación dunha ferramenta para poder avaliar o grao de seguridade que se vai alcanzando, a través dun conxunto de indicadores, que permitirá dispor de información que facilite a toma de decisións no ámbito da seguridade da información.

O Plan Director de Seguridade de Información establece tamén a política de seguridade da información da Xunta para cumprir os requirimentos do Esquema Nacional de Seguridade, que indica que todos os órganos superiores das administracións públicas

deberán dispoñer formalmente da súa política de seguridade, que será aprobada polo titular do órgano superior correspondente.

O Plan Director de Seguridade da Información conta cun orzamento de 2,8 millóns no período 2010-2014.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Manter un control eficiente do gasto corrente a través do desenvolvemento dun Plan permanente de austeridade e racionalización que evite gastos innecesarios e fomenta políticas de aforro</p>	<p>Porcentaxe anual de redución do Capítulo II: Gastos en bens correntes e servizos</p>
<p>Reforzo dos organismos reguladores da competencia e protección e defensa dos consumidores, mellorando os servizos do TGDC</p>	<p>Incremento nun 15% anual do número de expedientes iniciados de oficio</p>
<p>e-Administración: mellorar os servizos de contratación, tributarios e de pagos e acurtar os tempos de resposta aos cidadáns, incorporar as TIC ao rexistro de contratistas, á licitación electrónica e á factura electrónica</p>	<p>Informatizar ao 100% o rexistro de contratación. (Altas, baixas, modificacións e notificacións) Realizar en 2014, a través da plataforma de licitación en rede, o 100% das licitacións Reducir o tempo medio de pago de facturas, a menos de 45 días Situar as declaracións tributarias electrónicas por riba do 50% do total</p>
<p>Incrementar a eficacia no gasto público, introducindo sistemas de seguimento, avaliación e control, e auditoría dos expedientes de gasto</p>	<p>Diminuír as incidencias rexistradas en expedientes de gasto por debaixo do 5%; e do 2% en proxectos cofinanciados con fondos europeos</p>
<p>e-Administración, posta en marcha dun Rexistro Central de Persoal, RCP, que permita a informatización e tramitación electrónica dos procedementos de persoal</p>	<p>Ter informatizados para 2014 o 100% dos procedementos administrativos de persoal</p>

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
e-Administración: implantación de procedementos telemáticos entre a Xunta de Galicia e os concellos; e nos concellos	Número de procedementos implantados (período 2010-2014). Obxectivo: 60 entre a Xunta e os concellos; e 315 nos concellos beneficiarios 100% dos procedementos administrativos entre a Xunta e os concellos con tramitación telemática en 2010
Promover e difundir aplicacións e servizos dirixidos ás familias, cidadáns e pemes, como a carpeta do cidadán, ou centros de información, que incrementen a accesibilidade aos servizos das administracións públicas	Porcentaxe de incremento de aplicacións e servizos nas administracións públicas de Galicia 100% das subvencións tramitadas por vía telemática no 2013 70% documentación con entrada no rexistro dixitalizada en 2012
Dimensionamento e avaliación da actividade dos organismos dependentes da Xunta de Galicia	Porcentaxe de organismos avaliados sobre o total dos existentes, nos anos 2010 e 2011 (2010: 44 %; 2011: 35 %) Número de organismos con indicadores de seguimento definidos, en 2011, 2012 e 2013 (2011: 15, 2012: 45, 2013: 80)
Seguimento da xestión anual das unidades administrativas da Xunta de Galicia e establecementos de <i>ratios</i> para a reorganización de efectivos nos servizos comúns e nos centros diferenciados da Xunta de Galicia	Porcentaxe anual de unidades ás que se realizou un seguimento de xestión sobre o total de unidades, en 2010, 2011, 2012 e 2013 (2010: 70 %, 2011: 80 %, 2012: 90 Porcentaxe 2013: 95 %)
A mellora da Xestión da Formación da EGAP a través de implantación do modelo europeo da calidade EFQM. Instaurarase un novo modelo de xestión que permita a Escola desenvolver con garantías de calidade o seu papel de centro oficial de docencia	Obtención do selo de excelencia EFQM cunha puntuación mínima de 300 puntos no exercicio 2013
Libre acceso a todo o material formativo xerado pola EGAP a través da web EGAP 2.0. Poñer a disposición da sociedade en xeral todo o acervo e bagaxe acumulado pola escola no desenvolvemento da súa actividade de forma complemente	Seguimento en directo das actividades formativas e divulgativas da EGAP a través da web EGAP 2.0 no exercicio 2013. Creación de comunidades de aprendizaxe na EGAP 2.0 no exercicio 2012 Posibilidade de descargas libres de materiais didácticos da web EGAP 2.0 no exercicio 2011 Posibilidade de participación nos foros, chats..., opinións e valoracións recibidas sobre o material publicado na web EGAP 2.0 no exercicio 2011

2.7.2. OE 5.2. Reforzo da capacidade institucional e financeira de Galicia

Este obxectivo comprende, entre outras, as actuacións relativas ao avance das fontes de financiamento de Galicia, para garantir o exercicio futuro das competencias transferidas á C.A., as actuacións no ámbito

autonómico para poder mellorar a calidade dos servizos públicos sociosanitarios e económicos, os reforzos das actividades de Xustiza, as actuacións de amortización de débeda pública e préstamos, e as actuacións de políticas de cooperación exterior, así como as actuacións que permiten garantir o funcionamento e os servizos das institucións galegas.

Plans e programas sectoriais salientables	Programas de gasto e organismos xestores
<ul style="list-style-type: none"> ➤ Plan de infraestruturas xudiciais 2010–2013/2014-2015 ➤ Plan de sistemas e tecnoloxías da información da administración de xustiza en Galicia: Plan Senda 2014 ➤ II Plan director da cooperación galega para o desenvolvemento 2010-2013 	<p><i>111A</i> (S. X. da Presid. da Xunta de Galicia, D. X. do Gabinete da Presid. Xunta de Galicia)</p> <p><i>111B</i> (Parlamento, Valedor do Pobo)</p> <p><i>111C</i> (Consello de Contas)</p> <p><i>111D</i> (Consello da Cultura, Consello Consultivo)</p> <p><i>111E</i> (D. X. Relacións Exteriores)</p> <p><i>121B</i> (Asesoría Xurídica Xeral)</p> <p><i>131A</i> (S. X. Consell. PAP, D. X. Xustiza)</p> <p><i>131B</i> (D. X. Xustiza)</p> <p><i>211A</i> (D. X. Emerxencias, AGSP)</p> <p><i>213A</i> (AGSP)</p> <p><i>331A</i> (D. X. Relacións Exteriores e coa UE)</p>

PLAN DE INFRAESTRUTURAS XUDICIAIS 2010-2013/2014- 2015

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Presidencia, AA. PP. e Xustiza.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O Plan de infraestruturas xudiciais recolle as reformas físicas necesarias para realizar nos distintos edificios xudiciais, ben polo mantemento destes, ben polo establecemento da nova oficina xudicial; e tamén a construción de novos edificios naqueles casos en que o crecemento da planta xudicial desborde a capacidade física dos actuais.

As obras realizaranse en dúas fases: na primeira fase 2010-2013 acometeranse as necesidades a curto prazo e na segunda fase 2014-2015 as necesidades a medio prazo.

PLAN DE SISTEMAS E TECNOLOXÍAS DA INFORMACIÓN DA ADMINISTRACIÓN DE XUSTIZA EN GALICIA: PLAN SENDA 2014

ÓRGANO XESTOR:

Dirección Xeral de Xustiza (Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza) e a Secretaría Xeral de Modernización e Innovación Tecnolóxica (Presidencia da Xunta).

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

A transformación da Xustiza foi identificada como unha liña estratéxica no marco do impulso da modernización e innovación

tecnolóxica en Galicia (programa eGobierno), que fai especial fincapé naqueles sectores que son máis sensibles para o cidadán: a saúde, a educación e a xustiza.

Polo que este Plan tamén está relacionado co Obxectivo Estratéxico 3.2: "Modernizar e promover a aplicación e emprego xeral das TIC nos ámbitos produtivos, social e dos servizos públicos" e co Obxectivo Estratéxico 5.1: "Acadar unha Administración moderna e próxima, que optimice os recursos materiais e humanos mediante a implantación de novos sistemas e procedementos de xestión e xeneralizar o emprego das TIC en todos os seus ámbitos de actuación".

O Plan de sistemas Senda 2014 é o proxecto para o desenvolvemento das TIC na Administración de Xustiza en Galicia, establécese en base a unha estratexia e planificación que inclúe a racionalización e redeseño de procesos, a actualización dos sistemas de información, o despregamento de infraestruturas e medios tecnolóxicos, a dotación dos recursos para levar a cabo as actuacións establecidas, así como un proceso axeitado de xestión do cambio.

En definitiva, trátase de evolucionar cara un modelo integral de sistemas de información na Administración de Xustiza en Galicia, adaptado ás necesidades da comunidade autónoma, garantindo a coordinación e interoperabilidade coas institucións da Administración de Xustiza e as CCAA, que facilite o novo escenario da xestión da xustiza que establece a Nova Oficina Xudicial, e que de respostas as demandas dos profesionais e cidadáns.

○ Plan Senda 2014 establece, por primeira vez, unha folla de ruta para acadar unha xustiza máis eficaz, transparente e próxima á cidadanía, completando o proceso de informatización ata chegar ao expediente xudicial electrónico e mellorando a interoperabilidade entre sistemas de información dos distintos organismos.

Este Plan persegue:

- **Definición dun novo modelo de sistemas de información.** Revisión integral do modelo de sistemas de información coa materialización do expediente electrónico xudicial. Este modelo debe ser integrador da información procesal, baseado en procesos e integrador de funcionalidades, reducir tempos de tramitación e resposta, garantir calidade, coherencia, fiabilidade...
- **Accesibilidade do cidadán. Xustiza electrónica.** A demanda da sociedade dunha Administración de Xustiza accesible concretase coa configuración da web de Xustiza en Galicia e a carpeta do cidadán a cal suporá a canle principal de acceso do cidadán a esta Administración.
- **Cadro de mando. Análise de información.** A integración de sistemas de análise e explotación da información facilitarán o seguimento e control, tanto á organización xudicial de Galicia como ao exterior.

- **Interoperabilidade con todos os intervinientes e outras administracións.** O desenvolvemento do Esquema Xudicial de Interoperabilidade e Seguridade permitirá a xestión integrada da información procesal.
- **Adecuación á normativa de protección dos datos de carácter persoal dos cidadáns.**
- **Dinamización do uso dos sistemas de información.** Fomento do uso xeralizado e correcto dos sistemas de información a través de plans de formación...
- **Revisión do modelo de prestación de servizos de soporte TIC.**
- **Consolidación de infraestruturas. O nodo tecnolóxico de Xustiza de Galicia.** Establecemento dunha base tecnolóxica robusta e fiable (CPD seguro e con capacidade de redundancia, concentración de infraestruturas que minimicen custos, rede de comunicacións axeitada) que posibilita o expediente electrónico, a súa mobilidade...

○ Plan Senda 2014 conta cun orzamento de 34 millóns de euros para o período 2010-2014.

II PLAN DIRECTOR DA COOPERACIÓN GALEGA PARA O DESENVOLVEMENTO 2010-2013

ÓRGANO XESTOR:

Consellería de Presidencia, AA, PP e Xustiza.

CARACTERÍSTICAS XERAIS:

O II Plan Director para a Cooperación Galega para o Desenvolvemento 2010-2013 pretende ser unha ferramenta útil, compartida por toda a sociedade galega, que lle permita a Galicia realizar unha contribución eficaz e ordenada aos procesos de desenvolvemento dos países do sur, partindo do recoñecemento das dificultades que para todos representan as especiais condicións económicas que caracterizan o momento presente.

Os criterios que van inspirar a política de cooperación do Goberno galego nos vindeiros anos serán a eficacia e a concentración da axuda, a previsibilidade e o aumento dos recursos, a transparencia na xestión, a coherencia de actuacións, a participación social e a coordinación de actores.

O documento busca unha maior orientación estratéxica coa posta en valor das vantaxes diferenciais de Galicia. Neste sentido, propón a cooperación en sectores nos que a comunidade galega poida ofrecer unha experiencia e coñecementos específicos, como a pesca ou a acuicultura, así como a colaboración con países de fala lusófona ou aqueles latinoamericanos onde hai cultura de cooperación dos nosos axentes.

Ademais, relacionado tamén coa aposta da Xunta de Galicia polo fortalecemento do sistema galego de cooperación, fomenta a integración máis activa das comunidades galegas nas intervencións de desenvolvemento. O obxectivo é que estes axentes de cooperación poidan formular proxectos de calidade nos seus países respectivos e así obter financiamento con independencia de que se atopen ou non en territorios cualificados como prioritarios.

Polo que respecta ás prioridades xeográficas, o novo Plan Director establece como países prioritarios a Cabo Verde, Guinea Bissau e Mozambique, xunto á poboación saharauí, en África; Perú, Ecuador e Bolivia, en América do Sur; Haití e República Dominicana, no Caribe; e Honduras, O Salvador, Nicaragua e Guatemala, en Centroamérica.

A principal forma de canalizar os fondos destinados a cooperación serán as convocatorias públicas de axudas para actividades de cooperación. Estas axudas públicas convivirán coa cooperación directa e cos convenios de cofinanciamento con outras entidades para a posta en práctica de actividades de cooperación.

No plano económico, o escenario orzamentario previsto neste II plan director da Cooperación Galega 2010-2013 é o de incrementar paulatinamente os recursos para cooperación co obxectivo de que, ao final do plan, e se a evolución económica así o permite, se acade, como mínimo, un incremento de entre un 50% e un 100% dos recursos dedicados á cooperación en 2009.

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
Plan de infraestruturas xudiciais: actuacións de mantemento, rehabilitación, ampliación e nova construción de edificios xudiciais	<p>Número total de actuacións realizadas na lexislatura (valor esperado para 2013: 15)</p> <p>Porcentaxe de actuacións sobre o número total de inmobles adscritos á Administración de Xustiza en Galicia (valor esperado para 2013: 25%)</p>
Potenciación do uso das TIC na Administración de Xustiza	<p>Número total de ordenadores instalados (Valor esperado para 2013: 2.500)</p> <p>Porcentaxe de equipos/postos de traballo renovados na lexislatura (valor esperado para 2013: 60%)</p> <p>Número total de sistemas de videoconferencia e sistemas de gravación en salas de vista instalados na lexislatura (valor esperado para 2013: 200)</p>
Implantación da nova oficina xudicial	<p>Número de unidades administrativas e servizos de apoio creadas (valor esperado para 2013: 19)</p> <p>Número de servizos comúns procesuais creados (valor esperado para 2013:50)</p> <p>Número de funcionarios adscritos ás unidades creadas (valor esperado para 2013: 350)</p> <p>Número total de novas unidades xudiciais creadas na lexislatura (valor estimado para 2013: 40)</p>
Asistencia xurídica gratuíta	<p>Número de asuntos aboados aos colexios de avogados e aos colexios de procuradores. (Valor estimado para 2013: 90.000)</p> <p>Porcentaxe de incremento que experimenta o número de asuntos durante a lexislatura (valor estimado para 2013: 24%)</p>
<p>Profesionalización dos servizos de urxencia da Comunidade Autónoma de Galicia</p> <p>Modernización e mellora da atención á poboación ante situacións de emerxencia e catástrofe</p>	<p>Número de servizos profesionais de atención ás urxencias postos en funcionamento durante a lexislatura (Previstos 25)</p> <p>Número de chamadas atendidas polo centro de atención ás urxencias I 12 e tempo medio de resposta. (Previstos 1.700.000).</p> <p>Número anual de incidencias xestionadas polo centro de atención ás urxencias I 12. (Previsto: 175.000).</p>

Proposta de medidas e actuacións prioritarias	Indicadores salientables
<p>Actividades de cooperación transfronteiriza e interrexional, con especial incidencia na consolidación da Macrorrexión Galicia–Castela León–Norte de Portugal</p>	<p>Número de proxectos para a cooperación interterritorial e transfronteiriza financiados por medio do POCTEP no período 2010 – 2014. (Estimados: 1 proxecto con 3 accións).</p> <p>Número de proxectos xestionados pola AECT Galicia-Norte de Portugal no período 2010-2014. (Estimados: 1 proxecto con 4 accións)</p> <p>Número de proxectos xestionados pola Comunidade de Traballo Galicia-Norte de Portugal no período 2010-2014. (Estimado: 3 proxectos)</p> <p>Accións de consolidación da Macrorrexión Galicia, Castela-León e Norte de Portugal no período 2010-2014. (Estimados: 7 accións)</p>
<p>Formación na AGASP do persoal do sistema integrado de protección civil e urxencias, con especial atención ao persoal dos servizos de prevención e defensa contra incendios e salvamento</p>	<p>Número de cursos impartidos pola AGASP a persoas do servizo integrado de protección civil e urxencias (Obxectivo: 60 cursos/ano)</p> <p>Número de persoas do servizo integrado de protección civil e urxencias que recibiron formación na AGASP (Obxectivo: 1.800 alumnos/ano)</p>
<p>Formación, actualización e especialización na AGASP do persoal de seguridade pública que presta servizos na Comunidade Autónoma de Galicia</p>	<p>Número de cursos de formación policial impartidos pola AGASP (Obxectivo: 150 cursos/ano)</p> <p>Número de persoas dos corpos policiais que recibiron formación na AGASP (Obxectivo: 1.500 alumnos/ano)</p>

